

sultado. Sobre todo porque o público lector, cando descobre o Alemán dentro da narración, comeza a xulgar o resto do texto (inevitabelmente) a través da imaxe previa que tivese del.

Ningunha das cousas anteriormente sinaladas desmerecen en demasía a proposta do escritor. Ademais de arriscar cunha historia que xa pertence ao imaxinario colectivo e que precisaba ser contada por fascinante, outros acertos son, sen dúbida, a estrutura e a mestura do xénero epistolar.

A división tripartita do libro en “viaxes” demarca fitos na historia que axudan a orientar o lector polo texto. Das tres seccións, polo contido e elaboración destaca especialmente a primeira, moi estilizada, fronte á terceira ou derradeira, quizais apurada de máis. O desenlace non era doado de retratar sen caer nos tópicos, mais Quintiá conseguiu pasar por riba deles e contar o sucedido desde a ollada de Mann. Porén, nótase certo acurtamento, tamén no nó da narración, onde se bota de menos o vagar e a calidez co que foi feito o principio da novela.

Con respecto ás cartas intercaladas entre os dous irmáns, o Alemán e Hackett, a súa introdución engade certa veracidade ficcional (en ningún momento indícase se as cartas son reais ou literaturizadas) e compensan outras páxinas que, centrándose máis nas vivencias cotiás e menos na metáfora da viaxe como liberación e autocoñecemento, resultan menos rechamantes.

En definitiva, pódese dicir que, a pesar de certo dramatismo que envolve algunhas pasaxes, *O viaxeiro radical* é un tránsito agradábel para quen le, interesante, e que gustará a quen se faga preguntas sobre esta figura xa tan nosa que marcou a historia da Costa da Morte para sempre.

Lidia LÓPEZ TEIXEIRO

FERNÁNDEZ PAZ, Agustín (2014): *A viaxe de Gagarin*. Vigo: Xerais, 276 pp.

*A viaxe de Gagarin*, a nova achega do recoñecido e consolidado escritor Agustín Fernández Paz, recorda que non sempre os navegantes do espazo exterior foron chamados

astronautas. Houbo un momento en que á cabeza da carreira espacial, os cosmonautas soviéticos, marcaban o paso e conducían a humanidade a unha nova era. E, parello aos seus primeiros fitos e ata a chegada de Armstrong á lúa, Agustín Fernández Paz sitúa este relato/viaxe de iniciación na madurez adulta, construíndo unha imaxe moi lograda do que foi a evolución social dunha xeración que espertaba á vida nos anos 60. O protagonista, Miguel, *Gagarin*, conta a súa infancia e adolescencia durante a ditadura, a descuberta dos segredos “políticos” de seu pai e nai e mais o primeiro amor. Uns feitos que, marcándoo de por vida, lembra por escrito diante do leito da súa nai enferma, para que tamén Mikel, o seu fillo, coñeza a súa verdadeira historia.

Esta novela, publicada dentro da colección Xerais de narrativa e un pouco máis longa con respecto a outros dos seus traballos, destaca por varios aspectos dentro do conxunto de obras de Agustín Fernández Paz.

O primeiro, e quizais máis memorábel, é a documentación e traballo previo desenvolvido polo autor, á volta, especialmente, sobre a década dos anos sesenta, o traballo da clandestinidade do Partido Comunista e a represión da ditadura franquista. Non sorprende, pois, que o autor constrúa un pequeno apartado ao remate do libro a xeito de epílogo onde, baixo o suxerente título de “A escritura, unha viaxe”, explica brevemente sobre o proceso de preparación polo que o autor transitou para a creación do texto e mais fala dun blog, dispoñíbel na rede, onde se pode consultar retallos do seu proceso de creación (imaxes significativas, acontecementos históricos, recordos de xuventude do autor...). Ademais de deixar patente a súa intención de ser fiel aos feitos históricos da época, este caderno de bitácora estende e constitúe un valor engadido para *A viaxe de Gagarin* por varias razóns. O libro gaña tridimensionalidade e abre unha vía directa de comunicación co público lector ao tempo que permite complementar certos datos e informacións dun xeito máis interactivo. Con fotografías e vídeos, pode ser tamén unha ferramenta moi interesante para o ensino secundario, onde de seguro este libro encaixaría como lectura de aula para a materia de lingua

galega ou historia. O formato blog, por outro lado, non deixa de constituír unha sorte de diario persoal e conduce a quen a le cara a unha experiencia da escrita vivencial. Isto entronca directamente co estilo narrativo de Fernández Paz: historias ficcionais contadas desde o ámbito do persoal, con situacións e sentimentos narrados de maneira tal que permiten doadamente establecer unha relación de identificación máis íntima coas mesmas.

Outro aspecto notábel desta obra é a estrutura. De acordo ao índice, a narración parece enmarcarse entre as seccións “Inicio” e “Final”. De feito, na nota sobre o libro da páxina web do autor figura como número de páxinas 246, dato que coincide case exactamente co remate dese derradeiro apartado. Erro ou non, semella que as case corenta páxinas que seguen (“A confesión de Luísa e os segredos de Euclides”, “A escrita, unha viaxe”, “Agradecementos” e “Referencias literarias”) poidan non considerarse como parte, cando menos, do relato principal e si como complementos, mantendo certa independencia con respecto aos mesmos.

“Inicio” e “Final” xustifican a lembranza da infancia e adolescencia desde un tempo achegado ao presente, 2011, confirindo certa circularidade á novela e distanciamento cos sucesos dos anos sesenta. Case toda a historia transcorre no pasado, onde o narrador omnisciente de primeira persoa recórdanos a cada paso, ás veces demasiado, que sabe o triste desenlace en que desembocan os diferentes acontecementos que se van mencionando. Así, dentro do propio *flashback* prodúcense prolepses e breves saltos temporais cara a diante que axilizan unha lectura xa de por si lixeira e favorecen o seguimento do fío argumental.

“A confesión de Luísa e os segredos de Euclides” supón un reforzo á sección “Final” en tanto en canto comparten espazo temporal e amplía algúns dos feitos alí contados. Tamén serve para, ademais de pór o verdadeiro punto e final, esclarecer algunhas outras cuestións como a trama da autoría das novelas de vaqueiros que tanto gustaban ao protagonista na súa nenez, un tanto secundaria e simple ao lado doutras cousas que si quedan por resolver, como a denuncia anónima á BPS

sobre os traballos clandestinos de imprenta. “A escrita, unha viaxe”, mencionado con anterioridade, precede os “Agradecementos”, adicados fundamentalmente tamén a cuestións que teñen que ver co formato da obra e da documentación. E xa, en último lugar, aparece un breve epígrafe titulado “Referencias literarias”, apenas un parágrafo, ligado ao derradeiro aspecto posto en valor n’*A viaxe de Gagarin*, o estilo de Agustín Fernández Paz.

Fernández Paz caracterizouse sempre por posuír un estilo libre de parafernalia e aparatósidades, sinxelo, rápido, pero sen renunciar a manifestar na súa obra parte do seus profundos coñecementos culturais. Parte do seu éxito como narrador, e como narrador infantil e xuvenil, reside na súa capacidade para guiar a quen le sen practicamente ser visto e nun sutil ton de didactismo. Porén, nesta obra, a súa presenza resulta, na nosa opinión, moito máis notoria, quizais porque o seu público e propósito parecen outros. Facer explícitas certas referencias literarias, cun lugar específico para isto, supón outorgarlle certo valor simbólico ás mesmas, por riba doutros títulos, mencións musicais, revistas culturais etc. Se ben os autores e obras consignadas nesta parte do libro teñen tritos máis ou menos grandes, (nalgún caso o anaco é menor que as propias citas que abren o libro), a súa aparición semella froito dunha vontade de recoñecemento, meditado. Sen renunciar a algunhas das súas constantes, como o motivo do amor, coidamos que soubo incorporar certas novidades, aínda que por veces a marcha natural do discurso á que nos ten acostumbrados se vise interrompida con pequenos atrancos, como puido ser un final un tanto apurado salvado por un engadido tamén algo curto de páxinas. Lese na contracapa do libro que *A viaxe de Gagarin* “confirma” o autor chairego como un gran narrador. Premiado e recoñecido innumerábeis veces, fóra e dentro do sistema literario galego, a súa obra, á que se vén de sumar este interesante e recomendábel título, non precisa de demostración ou reafirmación algunha, xa que por si soa, e con títulos bastante anteriores, sobresaíu e abriu camiños ata se converter nunha das cartas de presentación imprescindíbeis da literatura galega.

Lidia LÓPEZ TEIXEIRO